



Código do documento	Código do expediente
USG12I00DT	USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
2E4M 5W08 1012 6R6C 18J0	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 26 DE ABRIL DE 2018.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día 26 de abril de 2018, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión Ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARIA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a MARIA DEL CARMEN VARELA CORBELLE
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS
D^a MARTA MARIA IGLESIAS BECERRA
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a MARTA MARIA FIGUEROA FUENTES
D. MIGUEL SUAREZ GARCIA
D^a MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ

Polo Grupo Municipal do PARTIDO POPULAR

D. ANTONIO CAÑAS VARELA
D^a LUCIA ISABEL FARIÑAS SEOANE
D^a MARIA OFELIA RAMOS LUNA
D. JAIME MOSCOSO MUIÑOS

Polo Grupo Municipal de ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

D^a MARIA ALICIA FERREIRO VARELA
D. CARMELO CORTES SANCHEZ
D^a. NURIA CARBALLEDA FEIJOO

Polo Grupo Municipal da MAREA VECIÑAL DE CULLEREDO

D. JOSE JUAN SANTOS IGLESIAS
D. MANUEL ISIDRO TAIBO GAGO

Polo GRUPO MIXTO

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO (BNG)
D. JESUS MANUEL VAZQUEZ LOZANO (CIDADÁNS)

Concelleira non adscrita

D^a VERÓNICA RIVADULLA DESCHAMPS

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa Garcia Barreiro e da fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00DT	USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
2E4M 5W08 1012 6R6C 18J0	

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS EN DATA 2 DE ABRIL DE 2018.

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP Nº 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación a acta da sesión ordinaria celebrada en data 2 de abril de 2018, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o concelleiro do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que quere facer un reparo á acta que se somete a aprobación pois no último parágrafo, a unha pregunta do BNG o Sr. alcalde dixo que "confiaba plenamente nos servizos municipais" e lle parece importante que figure para algo que quere comentar despois no turno de rogos e preguntas polo que solicita se incorpore este texto na acta antes de aprobala.

A continuación intervéñen o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, dicindo que esa é unha emenda á acta e solicita as palabras exactas que o Sr. Chouciño Garrido quere que figuren na acta, respondendo o Sr. Chouciño que ao final da acta, no penúltimo parágrafo, substituir o parágrafo que di "Responde o Sr. alcalde-presidente dicindo que, como xa dixo, a pregunta está en mans dos servizos técnicos municipais, que xa sabe como está o persoal do Concello e que ten un volume de traballo que moitas veces lle impide actuar coa celeridade que quixera pero que está totalmente tranquilo pola labor que desempeñan repetindo unha vez máis que en canto os servizos técnicos dispoñan da información que se solicita se lle comunicará", polo parágrafo seguinte:

"Responde o Sr. alcalde-presidente dicindo que, como xa dixo, a pregunta está en mans dos servizos técnicos municipais, que xa sabe como está o persoal do Concello e que ten un volume de traballo que moitas veces lle impide actuar coa celeridade que quixera pero que está totalmente tranquilo pola labor que desempeñan, e que ten confianza plena nos servizos técnicos municipais, no seu traballo e no tempo que teñan que tomarse para revisar os documentos, repetindo unha vez máis que en canto os servizos técnicos dispoñan da información que se solicita se lle comunicará"

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta da sesión ordinaria celebrada en data 2 de abril de 2018, coa emenda proposta polo Sr. Chouciño Garrido, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 5 (cinco), dos sres/as: Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Chouciño Garrido, e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: ningún

Abstencións: 16 (dezaséis), dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Cañas Varela, Fariñas Seoane, Ramos Luna, Moscoso Muíños, Santos Iglesias, Taibo Gago e Vázquez Lozano.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada en data 2 de abril de 2018, coa emenda proposta polo concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00DT	USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
2E4M 5W08 1012 6R6C 18J0	

2.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO BNG RELATIVA A PLAN DE REXENERACIÓN DA RÍA DO BURGO E RECUPERACIÓN DOS BANCOS MARISQUEIROS.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da proposición do concelleiro do BNG, de data 17 de abril de 2018 relativa a plan de rexeneración da Ría do Burgo e recuperación dos bancos marisqueiros, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, voceiro en Culleredo do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte MOCION, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, a respecto da rexeneración da ría do Burgo.

Exposición de motivos

A Plataforma para a Defensa da Ría do Burgo e a Confradía de Pescadores/as da Coruña levan anos reclamando unha solución para a nosa ría, constatándose coa recente presentación polo Goberno central dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, de que non hai vontade real de levar adiante as urxentes actuacións que se precisan para á rexeneración medioambiental e da recuperación dos bancos marisqueiros da ría do Burgo.

Xa levan transcorridos máis de sete meses desde que se publicou a declaración de impacto ambiental favorable (BOE 27 setembro 2017), e seguimos sen saber as razóns do atraso na publicación do proxecto definitivo de Dragado e do inicio das obras. Así mesmo, xa van alá moitos anos da aprobación do Informe pola Comisión de Peticións do Parlamento Europeo (despois da visita realizada no 2013 por unha Delegación deste mesmo Parlamento) que demandaba do Estado español realizar un Plano Integral de Rexeneración e Recuperación da Ría do Burgo.

En todo caso, resúltanos extraordinariamente grave esta situación, chegando mesmo a ser insultante, se lle sumamos o feito de que inclúen partidas de contías insignificantes respecto do orzamento necesario de acordo ao Proxecto de Dragado que estivo no seu día en exposición pública, ou, no seu caso, seguen incluíndo partidas que nunca se chegan a executar, prolongando así máis os anos para unha solución real.

Cada día que pasa as principais e primeiras vítimas da contaminación na Ría do Burgo, os colectivos de mariscadoras e mariscadores, están máis sumidos na miseria económica e cada día máis comidos polos lodos e o medre da improdutividade dos bancos marisqueiros da Ría. Esiximos actuacións inmediatas do Estado e da Xunta no camiño de restablecer os Convenios existentes até hai uns anos coas Agrupacións de mariscadoras e mariscadores para labores de rexeneración, mentres non poidan desenvolver con normalidade a actividade marisqueira.

A Plataforma da Ría do Burgo e as veciñas/os da comarca da Coruña levan anos reivindicando solucións ante o grave deterioro da Ría do Burgo e das consecuencias negativas que ten no medio ambiente, na economía e no marisqueo.

Precisamente por iso, atender as necesidades da ría do Burgo implica non só unha inaprazábel necesidade medioambiental, senón tamén unha aposta pola economía produtiva, polo potencial da ría como motor de reactivación económica da comarca e pola súa capacidade xeradora de emprego.

Polo exposto, rogamos a adopción dos seguintes

Acordos

- 1) Solicitamos ao Goberno español e a Xunta de Galiza no que lle compete:
 - 1.1) Calendario de actuacións para o inmediato inicio das Obras do Plan de Rexeneración da Ría do Burgo e Recuperación dos bancos marisqueiros, así como o seu dragado, tratamento, limpeza de lodos e todas as accións para o seu saneamento integral.
 - 1.2) A dotación de partidas económicas nos Orzamentos Xerais do Estado para poder facer efectivas as actuacións anteriormente citadas.



Código do documento	Código do expediente
USG12100DT	USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
2E4M 5W08 1012 6R6C 18JU	

- 1.3) Consignación de dotacións económicas que permitan o restablecemento dos Convenios coas Agrupacións de mariscadoras e mariscadores para labores de rexeneración, mentres non poidan desenvolver con normalidade a actividade marisqueira."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Fariñas Seoane quen, unha vez concedido, di que o grupo popular vai votar a favor desta moción; que é certo que a Ría do Burgo, como moitas outras, foi vítima da presión humana que desde todos os ámbitos se fixo sobre ela pero que tamén é certo que nada ten que ver a ría que os cullerdenses disfrutaron na década dos anos 70 coa de fai 10 anos, non tendo nada que ver tampouco a do ano 2000 coa do ano 2018; que fixo falta tempo e un toque de atención da Unión Europea para que se reaccionase; que é importante ser claros pois unha cousa é sanear a Ría e outra distinta a rexeneración dos seus fondos, é dicir, o dragado; que no ano 2011 a Xunta e o Concello levaron a cabo un completo plan de saneamento local composto por 13 actuacións e 67 pequenas incidencias que o Concello de Culleredo subsanou no seu momento; que a Xunta cumpriu e levou adiante os seus compromisos, uns compromisos que foron ratificados pola Consellería de Medio Ambiente con dúas actuacións postas en marcha o pasado ano, que se atopan en execución e que estarán operativas ao longo do 2018, a construción dun sifón para optimizar os bombeos de O Temple e O Pasaxe e o tanque de tormentas de Santa Cruz en Oleiros, cun investimento conxunto de 6.000.000 de euros; que este esforzo inversor amosa o compromiso da Xunta coa ría do Burgo pero este Plan pon tamén deberes a todos os implicados, incluídos os concellos; que é verdade que aínda que son pequenas actuacións algúns concellos as teñen de momento sen executar pero que tamén é certo que a Xunta fixo o que tiña que facer, dando como resultado que a Ría presenta unha situación moi boa no que respecta aos verquidos; que cando este ano se rematen as obras que se atopan en execución a presión contaminante da poboación entorno á Ría estará en niveis mínimos; que en resumo, para os gobernos do PP o saneamento e a rexeneración da Ría do Burgo foi sempre e será unha prioridade estratéxica e por iso velará porque se cumpran todos e cada un dos compromisos adquiridos coa Ría do Burgo; que o último destes compromisos está reflexado nos presupostos do Estado para este ano 2018, confirmando estas contas o compromiso do goberno central coa Coruña e a súa área metropolitana, multiplicando por tres o seu investimento para rexenerar a Ría do Burgo; que mentres o ano pasado o estado previa investir sete millóns ata o ano 2020 este ano a cifra aumentou ata chegar aos 24 millóns, 1 para o ano 2018, 8 para o ano 2019 e 15 para o 2020; que en relación aos prazos de execución e licitación o Ministerio está ultimando o proxecto definitivo incorporando os condicionantes impostos pola declaración de impacto ambiental que se aprobou no mes de setembro; que hai algo no que o PP de Culleredo coincide plenamente co BNG, xa que tamén lle piden ao Goberno central a máxima axilidade posible no inicio do dragado, coincidindo neste tamén o goberno da Xunta e por iso a Conselleira de Medio Ambiente xa en varias ocasións instou ao Estado a que poña en marcha canto antes esta obra para que sexa unha realidade o antes posible; que por parte da Consellería de Medio Ambiente e na súa representación por parte da Conselleira Beatriz Mato mantivéronse numerosos contactos co Ministerio co obxectivo de abordar asuntos prioritarios para Galicia entre os que se atopa o dragado da Ría do Burgo, sendo o último destes encontros o pasado mes de xaneiro; que están convencidos que a aposta do goberno central co dragado da Ría do Burgo, que se pode ver nos presupostos é froito desta colaboración institucional, estando previsto que o goberno central poña en funcionamento unha comisión na que estean presentes todas as administracións implicadas nesta actuación: o Estado, a Xunta e os concellos da Ría, dando lugar así a un instrumento que dará seguemento a esta importante obra e que será asesorada pola dirección técnica e os responsables do Plan de Vixilancia Ambiental, plan que estará operativo antes, durante e despois da obra e realizará un control ambiental das augas da Ría, da súa flora e da súa fauna; que por parte da Xunta estarase vixiante para que o dragado da Ría se convirna nunha realidade o antes posible e para que se inclúa no presuposto e se execute canto antes, sendo así tamén por parte do PP de Culleredo, motivo polo que votarán a favor da moción presentada polo BNG.

A continuación intervéñ o alcalde-presidente, e di que hai unha Mesa da Ría constituída polos alcaldes dos concellos limítrofes con ela, que son os concellos de A Coruña, Oleiros, Cambre e Culleredo, a cofradía propia de mariscadores, a propia Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña, o Ministerio de Fomento, facendo reunións periodicamente na propia plataforma e que está previsto que en breve se faga unha reunión para falar da parálise que hai no investimento e na falta de previsión orzamentaria tanto nos presupostos xerais como nos presupostos da propia Xunta de Galicia; que o orzamento é un orzamento importante, que ronda os 20 ou 30 millóns de euros e a consignación presupostaria que hai, tal como se deprende desa Mesa da Ría non é máis que suficiente para

4 de 11

Código do documento USG12I00DT	Código do expediente USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE)  2E4M 5W08 1012 6R6C 18J0	

desenvolver actuacións e proxectos que nada teñen que ver co proxecto de mellora integral da Ría do Burgo que ten un tratamento de lodos, cun investimento importante desde o Concello de Culleredo para acopio deses lodos contaminados e cun selado con xeotextil que consiga unha superficie maior no entorno da superficie do Paseo Marítimo do Burgo; que é un tema que se ven facendo desde fai anos e xa resulta cansino pola falta de compromiso por parte do Goberno Central e do propio goberno autonómico ou da propia Unión Europea; que o que si é certo e que os concellos teñen os deberes feitos nese sentido pois o Concello de Culleredo si fixo os deberes no que respecta ao saneamento coas estacións de bombeo que están no Paseo Marítimo e outros concellos aínda que tardaron máis agora vese que a través do propio financiamento municipal xunto co financiamento que se fai desde a Xunta de Galicia tratan de controlar os bombeos, sobre todo nos concellos de Oleiros e Cambre ou no Concello da Coruña que tiña un verquido importante en Río de Quintas que facía que a Ría en momentos determinados tivera picos determinados de contaminación; que están totalmente de acordo coa moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego que son copartícipes da propia plataforma pola defensa da Ría, en sintonía co que o grupo socialista formulou no propio Parlamento galego e no propio Congreso dos Deputados con diferentes mocións e diferentes preguntas para apoiar que dunha vez por todas se apostara por un orzamento serio para a defensa e o saneamento da Ría, anunciando que en todo caso o seu voto vai ser favorable.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo Mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que agradece o "karma" xerado respecto deste asunto e os anuncios de voto favorable pero que iso non quita que haxa que matizar unha cousa xa que fábase dun presuposto serio cando din que fan no 2017 investimentos por importe de 7 millóns de euros, e agora fan un investimento plurianual no que o primeiro ano se dota 1 millón de euros porque é o que menos lastra o orzamento vixente e nos anos seguintes o restante; que se a cantidade destinado ao ano inicial non se executou, o orzamento inicial vólvese comezar desde o punto cero, porque están a falar de que o ano anterior eran 7 e agora son 24 pero non din que os 7 do ano anterior non se gastaron e que, ademais, fan falta 40 millóns polo que aínda que se executaran 20 se estaría no 50%

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido, de data 17 de abril de 2018, sendo aprobada por unanimidade polo que devén en acordo nos termos transcritos.

3.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA. MOCIÓN DO BNG RELATIVA AO CAMIÑO DE FERRO DE CERCANÍAS PARA A CONTORNA DE CULLEREDO.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do BNG, de data 17 de abril de 2018, relativa ao camiño de ferro de cercanías para a contorna de Culleredo, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"Enrique Antón Chouciño Garrido, voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte MOCION, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, a respecto do camiño de ferro de cercanías para a nosa contorna.

Exposición de motivos

Desde a Plataforma pola Defensa do Tren A Coruña - As Mariñas, pensamos que o modelo do vehículo privado é totalmente insostible e apostamos polo fomento do transporte público colectivo, o único xeito de reducir o número de vehículos que entran na cidade da Coruña ou que circulan pola comarca.

O noso colectivo considera que o tren de proximidade é a mellor alternativa para a redución de vehículos privados, con parte das infraestruturas feitas e unha rede que podería chegar ata Ferrol, Ribadeo e Lugo, comunicando todas as localidades que se atopan no camiño.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00DT	USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
2E4M 5W08 1012 6R6C 18J0	

O traballo do BNG tense destacado na defensa do camiño de ferro como ferramenta de primeiro orde na solución de mobilidade en todas as institucións nas que tivo presenza ao longo do tempo.

Nos últimos anos, o desenvolvemento da cidade e a bisbarra favoreceu dun xeito esaxerado o uso do transporte privado en detrimento do público, o cal desenvocou un tipo de urbanismo totalmente insostible no que se construíron muros de formigón e asfalto que rodean os principais núcleos de poboación. O vehículo privado o asoballa todo e só na cidade da Coruña entran preto de 150 mil vehículos diarios, provocando unha morea de coches que invaden beirarrúas, prazas e outras zonas peonís. Os atascos son continuos nas principais vías da bisbarra e os niveis de contaminación incrementáanse en concordancia co número de vehículos.

Así mesmo, consideramos que o traspaso ao ferrocarril das mercadorías transportadas por estrada, alí onde sexa posible, posibilitaría o desbloqueo do colapso físico, de consumo enerxético e degradación ambiental que provoca, así como un aforro que non se adoita computar cando se fala da rendibilidade do tren.

Polo exposto, rogamos a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Demandar diante da Xunta de Galicia e Fomento :
 - 1.1. a creación dun servizo público de tren de proximidade entre A Coruña e Ferrol, que amplíe horarios e as frecuencias para facelo socialmente rendible e economicamente viable como único xeito de consolidar unha liña actualmente ameazada e que deba dar servizo de calidade a zonas densamente poboadas como O Burgo, Cambre, Betanzos, Pontedeume, etc. Débense realizar investimentos no ferrocarril convencional para recuperalo do seu prolongado abandono, con actuacións dirixidas á mellora das liñas (electrificación, duplicación de vías e mellora de trazados, construción de novos apeadeiros, modernización dos sistemas de seguridade e sinalización, etc.), aumento de frecuencias e recuperación de servizos e infraestruturas.
 - 1.2. Que se acometan melloras no servizo A Coruña-Lugo de xeito que dea servizo e conexión das cidades coas localidades interiores para acadar a máxima vertebración posible e rendemento económico e social para localidades como Oza, Cesuras, Baamonde, Rábade, Parga, Guitiriz, etc., e non simplemente un modelo que só contemple a conexión entre as cidades.
 - 1.3. Reclamamos a anulación das medidas adoptadas polo goberno no *Plan de Racionalización de servizos ferroviarios de media distancia de xunio de 2013* que conduciu á eliminación total de servizos nalgúns estacións (p.ex. Franza, Begonte) ou á súa drástica redución ata o punto de supor a súa inutilidade práctica nas liñas A Coruña-Ferrol e A Coruña-Lugo, con parada na maioría das estacións dun so tren por sentido ao día.
 - 1.4. Esiximos a derogación dos RDL 22/2012, 4/2013 e 15/2013, que posibilitan a fragmentación de RENFE en catro sociedades anónimas e ADIF en dúas empresas e a desaparición da participación pública en numerosas empresas do sector. A planificación e o servizo ferroviario deben ser unha unidade integrada que responda da infraestrutura, do transporte, do mantemento e do seu patrimonio de xeito que permita a súa viabilidade e a súa vocación de servizo público.
 - 1.5. Para todo o anterior, darase traslado ao goberno do estado e aos grupos parlamentares do Congreso dos Deputados para instar á modificación do Proxecto de Lei de orzamentos Xerais do Estado, habilitando as partidas precisas para acometer os proxectos mencionados.
2. Pedir aos concellos implicados, a empezar polos da nosa comarca, que tomen unha posición activa, e común, a prol dun tren de proximidade para esixir que o implanten o antes posible. Consideramos que a



Código do documento	Código do expediente
USG12I00DT	USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
2E4M 5W08 1012 6R6C 18J0	

solución do tráfico da comarca non se pode solventar sen a implantación dun tren de proximidade, e cremos que coa unidade de todos os concellos afectados o tren de proximidade será unha realidade. Animamos aos concellos que unan forzas e fagan súas as reivindicacións da Plataforma pola Defensa do Tren a Coruña e As Mariñas."

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo Mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que quere comentar unha anécdota pois moitas definicións sácanse da wikipedia e quere neste Pleno dar unha definición de "Barrio Sésamo": cercanías: "zona que está próxima ou arredor dun lugar"; que o documento presenta unha batería de propostas e peticións que non se corresponden tecnicamente coa petición de servizos de cercanías que supostamente se reflicte na moción, falando de servizos de mercancías, da situación da empresa operadora, neste caso RENFE, do administrador da vía, neste caso ADIF, a necesidade de investimentos en liñas da comunidade enteira que nada ten que ver coa creación dun servizo verdadeiramente de cercanías; que o concepto cercanías é un concepto universal tratándose nesta moción de inventar a pólvora que xera unha confusión que non leva a ningunha parte e que nin tan sequera axuda a que as administracións competentes na materia consideren este tipo de mocions, tanto de rogos como de propostas; que no punto 1.1, cando di "creación dun servizo de proximidade entre A Coruña e Ferrol" se fora á conferencia do ferrocarril organizada por Ciudadanos no Burgo con técnicos especializados na materia entendería que polas distancias e tempos entre ambas cidades non se poderían establecer servizos de cercanías xa que a duración e o número de paradas ata Ferrol farían de todo ineficiente o servizo proposto; que si se podería establecer un servizo de cercanías entre A Coruña e Betanzos e mellorar a explotación da liña actual con tres directos entre Coruña e Ferrol xa que estudos técnicos respaldan que sen maior investimento e simplemente poñendo en circulación un par de trens a maiores dos actuais; que no punto 1.2 cando di "mellores servizos na liña a Lugo" non atopa a relación co servizo de cercanías; que no punto 1.3 cando fala de "anulación de medidas adoptadas polo Goberno" di que dentro do plan de racionalización existen múltiples medidas, algunhas dudosas, outras incluso rechazables, pero algunhas establecen compromisos de liñas de servizo público entre Coruña-Ferrol ou Coruña-Monforte ou Ferrol-Ortigueira, mantendo aínda que reducidos á mínima expresión eses servizos polo que habería que matizar se a moción trata de anular todas as medidas ou só algunhas; que sobre o punto 1.4 proposto a dimisión do sector ferroviario é desexable desde todos os puntos de vista e que boa parte da lexislación española é unha transposición da norma europea en materia de seguridade, competencia, defensa dos usuarios, etc, polo que esta proposta trata unha vez máis de "remar contracorrente" entre outras razóns porque a fragmentación de RENFE débese á elevada débeda da empresa pública e á tan necesaria liberalización do transporte de viaxeiros que RENFE e ADIF, co apoio do Ministerio de Fomento, estiveron boicoteando coa intención de manter un monopolio no sector ferroviario español; que se fala tamén do mantemento do patrimonio da empresa RENFE considerando tamén que neste caso se incurrir nunha equivocación xa que o patrimonio ferroviario non é de RENFE nen as vías son de ADIF senón de todos os españois que permiten que esas empresas xestionen os servizos e a súa infraestrutura; que estas empresas que se defenden son as que levantaron centenas de metros de vías de ferrocarril en Galicia sen consultar aos galegos e afectando aos servizos de moitas poboacións donde a día de hoxe xa non hai servizos de ferrocarril polo que se pregunta que ten que ver todo isto coa creación dun servizo de proximidade en Galicia; que no punto 1.5 os presupostos xa se están debatendo e ningunha destas propostas está valorada, non podéndose defender presupostariamente por non estar soportada por un proxecto concreto; que desde Ciudadanos presentouse unha emenda aos presupostos xerais do Estado propoñendo, cun estudo realizado, facer un proxecto piloto na Coruña sobre un tren de cercanías e a súa viabilidade.

C.I.F. P.-1503100-H

Continúa a súa intervención analizando o punto 2 "pedir aos concellos implicados" e di que se trata unha vez máis dun rogo voluntarista sen visos de conseguir apoios e sen un proxecto concreto; que por todo o exposto desde Ciudadanos propoñen ao concelleiro do Bloque Nacionalista Galego que deixe esta moción enriba da Mesa, que se consensúe un pouco máis para poder aportar verdadeiramente proxectos e estudos sobre un tren de cercanías que é do que trata a moción.

A continuación intervéñen o alcalde-presidente dicindo que un dos temas que se están a abordar na mesa de alcaldes da área metropolitana é precisamente o transporte metropolitano, sendo un dos pasos que se van dar antes da creación da área metropolitana a creación dun consorcio metropolitano de transportes por terra, sendo unha das ideas que se están a plasmar por parte dos Concellos da área metropolitana avogar por recuperar a vía do tren; que no caso do Concello de Culleredo hai a estación do Burgo, existindo a posibilidade de crear no futuro un apeadoiro na zona da Barcala conxuntamente co Concello de Cambre e que hai concellos como ben di a moción como son os

7 de 41



Código do documento	Código do expediente
USG12100DT	USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
2E4M 5W08 1012 6R6C 18J0	

de Oza, Cesuras, Betanzos, Infesta, etc que poderían estar intercomunicados a traveso da vía do tren, establecéndose como unha alternativa e un modelo a usar conxuntamente co transporte de viaxeiros en autobús, tendo como única dificultade para poder facelo que hai concellos que non teñen infraestrutura ferroviaria o que fai harto complicado facer unha actuación integral en toda a área metropolitana; que unha das propostas que existen é que a estación de San Cristóbal sexa para acoller a viaxeiros de longo recorrido que veñan de Madrid e doutros puntos de España e o apeadoiro dese futuro tren de cercanías conformaríase en San Diego, na cidade da Coruña; que é complicado dado que se trata dun transporte caro, rendible só cando hai un número importante de viaxeiros pero que cun adecuado financiamento público suporía unha rebaixa na contaminación existente nas estradas con tanto vehículo. Remata a súa intervención anunciando que o seu voto vai ser favorable aínda que a moción sexa máis ambiciosa que o propio ámbito metropolitano, porque están totalmente de acordo coa racionalización do servizo ferroviario.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que quere aclarar algunhas cousas das xurdidas no debate da moción; que se lle di que cercanías e proximidade non é o mesmo cando a moción fala de mellora da mobilidade formando parte o tren de cercanías de algo máis amplo que é o motivo de que se fale dun tren de cercanías e dun tren de proximidade que vai a lugares máis afastados porque a afluencia do vehículo privado a comarca non procede só da propia comarca e que o Concello non é unha illa; que respecto do comentario de Ciudadanos sobre que o BNG vai contracorrente di que el non sabe se vai ou non contracorrente pero que o que si sabe é que segue unha liña política baseada na defensa dos servizos públicos; que con respecto ao comentado sobre "pedir aos concellos implicados", recorda as palabras do Sr. alcalde na súa intervención que fala dunha mesa da ría o que supón que existen figuras similares para outros temas que son vehículos políticos, tendo defendido xa desde o BNG outras veces a confianza na política como vehículo para buscar solucións aos problemas dos cidadáns, vendo de informar o Sr. alcalde que hai concellos polos que non pasa o camiño de ferro, considerando que calquera plan de mobilidade que retire o vehículo privado das estradas vai beneficiar a todos porque vai mellorar a fluidez do tráfico; que con respecto ao comentario do Sr. alcalde de que este servizo é caro quere matizar que o máis caro xa está feito que son as vías e as expropiacións e que agora si que é caro porque hai toda unha infraestrutura feita á que non se lle saca partido ningún, considerando que se debe apostar polo proposto que non é caro e si socialmente rendible e economicamente viable.

Intervén deseguido o Sr. alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e di que o que el quixo dicir non foi que fose caro senón que a inversión que hai que facer en vagóns e moito maior que a correspondente á merca de autobuses e que ás veces as administracións que teñen competencias en transportes como a Xunta ou calquera outra Administración non se deciden a tomar este tipo de decisións porque se está a falar de miles e miles de usuarios para que o servizo sexa rendible e o caro que resulta modernizar este tipo de instalacións pero que se se puidera aproveitar o existente posiblemente se podería facer rendible sen problema.

Seguidamente solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que quere matizar que non está en desacordo co tren de cercanías, todo o contrario, está totalmente de acordo co tren de cercanías, do que Ciudadanos ten elaborado un proxecto; que o que quixo dicir é que nesta moción mestúranse moitas cousas porque por exemplo Coruña-Ferrol sería un tren de media distancia e que neste traxecto hai unha soa vía que pasa por Betanzos polo que o feito de que unha persoa que colla o tren en Ferrol e bote unha hora e media para chegar á Coruña non é de todo eficiente, sendo eficiente que houbera un tren directo; que sobre o plan de racionalización di que non se sabe moi ben o que hai que suprimir e que habería que aclarar que medidas se van adoptar porque se se suprime o tren Coruña-Monforte Ferrol-Ortigueira a xente podería quedar sen servizo.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do BNG, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 16 (dezaséis) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Santos Iglesias, Taibo Gago, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: ningún

Abstencións:5 (cinco), dos sres/as:, Cañas Varela, Fariñas Seoane, Ramos Luna, Moscoso Muíños e Vázquez Lozano.



Código do documento	Código do expediente
USG12100DT	USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
2E4M 5W08 1012 6R6C 18J0	

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do BNG, de data 17 de abril de 2018, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DE CIADÁNS RELATIVA Á CREACIÓN DUNHA ORDENANZA PARA A PROTECCIÓN, BENESTAR E TENENCIA RESPONSABLE DE ANIMAIS.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do concelleiro de Cidadáns, de data 20 de abril de 2018 relativa á creación dunha ordenanza para a protección, benestar e tenencia responsable de animais, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"D. Jesús Manuel Vázquez Lozano, Concelleiro Portavoz do Grupo Municipal Ciudadanos -

PROPOSICION PARA A CREACIÓN DUNHA ORDENANZA PARA A PROTECCIÓN BENESTAR E TENENCIA RESPONSABLE DE ANIMAIS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Debido as últimas solicitudes por parte de asociacións vecinais, e asociacións protectoras de defensoras dos animais, da necesidade de ter unha maior convivencia entre os humanos e as especies animais libres, semidependentes ou en cautividade que viven no termo municipal.

Dende Cs entendemos da necesidade de ter una ordenanza moito máis ampla neste sentido, para concienciar ós cidadáns sobre a defensa, protección e benestar dos animais, e non só quedarse nunha ordenanza reguladora da licencia para a posesión de animais potencialmente perigosos, na cal esta última podería contar cun apartado dentro da mesma.

Entendemos tamén, que dende o Concello se deberían desenvolver actividades para concienciar ós cidadáns mediante campañas de sensibilización, que se suscriban convenios de colaboración con asociacións protectoras e defensoras dos animais, e así mesmo, cando nun futuro se poidan tomar as medidas necesarias (esterilización obrigatoria de cans e gatos, prohibición da venda de animais, e outros supostos) para poder alcanzar un dos obxetivos prioritarios de alcanzar o sacrificio cero, excepto por saúde do animal ou saúde pública.

Igualmente entendemos que é necesario que se promova a utilización de espazos públicos para o esparcemento e recreo de animais de compañía, contemplándose neste sentido a construción e regulación específicos de parques caninos.

Así mesmo cando a normativa estatal e autonómica o permita, o Concello de Culleredo podería regular a autorización de colonias estables de gatos, debidamente esterilizados que convivan nun espazo público ou privado, a cargo de organizacións e entidades cívicas sen ánimo de lucro, co obxectivo de velar polo seu benestar, e onde reciban atención, vixilancia sanitaria e alimentación, de acordo cos procedementos que e poidan establecer.

Outra das aportacións por parte de Cs, que se poderían debater nesta nova ordenanza, e a realización dun censo canino baseado en perfís xenéticos de ADN, que contemple e mellore a identificación dos cans, e que repercute por tanto na súa mellor protección. Isto pode ser posible grazas ós avances técnicos conseguidos nos últimos anos no sector da xenética veterinaria, que posibilitan unha total fiabilidade, e a vez logra que os custos deste servizo sexan tan reducidos, que poden posibilitar a viabilidade do mesmo neste Concello.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00DT	USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
2E4M 5W08 1012 6R6C 18J0	

Pero todo isto non é posible sen que se poida chegar a facer un estudo socio-económico de viabilidade por parte do Concello, así como contar con aportacións de todos os grupos implicados (asociación, partidos políticos, etc) co que se poida chegar ter un consenso xeneralizado, para poder por en marcha unha nova ordenanza que se decúe ás necesidades actuais que se viven no noso Concello.

Por todo isto dende Ciudadanos Culleredo propoñemos a este Pleno a adopción do seguinte acordo:

- I. Proposta para a creación dunha nova ordenanza para para a protección, benestar e tenencia responsable de animais, previo estudio socio-económico."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a concelleira non adscrita, Sra. Rivadulla Deschamps quen, unha vez concedido, di que en xeral está bastante de acordo coa moción aínda que non sabe se algún dos puntos será viable economicamente sobre todo o do ADN e que se o é só ten unha emenda que engadir que sería un punto número 2 coa seguinte redacción: abrirase un proceso participativo desde o Concello no que se escoitarán propostas da veciñanza e asociacións co fin de axeitar a nova normativa ás necesidades e usos da poboación.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que tal como comentou xa na Xunta de Voceiros comprobou que, non recorda se en agosto ou en setembro, se aprobou, a iniciativa do BNG, unha moción neste sentido, calcada punto por punto, polo que non entende a que ven agora presentar esta outra vez; que unha vez revisadas as actas puido comprobar que nun dos puntos pedíase que se dera conta do que se fixera nun prazo de catro meses e que lle parece recordar tamén que se aprobou co voto de toda a oposición, por maioría absoluta, sen que tiveran máis noticia do acordado, tendo transcurrido sobradamente os catro meses sen que se dera conta de nada; que o actual alcalde era naquel momento concelleiro da área de Medio Ambiente, que sería a área que tivera que desenvolver o acordado; que ese alcalde é o mesmo ao que Ciudadanos lle ía retirar o seu apoio e co que o concelleiro de Cidadáns e os da Marea teñen un pacto do que non se pode falar nin saber, non sabendo se presentan agora esta proposta para lavar a conciencia por ter votado a favor do orzamento e non aceptar as alegacións feitas no pleno pola asociación Libera sobre o dito orzamento no sentido de dar cumprimento a aquela proposta de crear recintos para cans, etc., contando no mes pasado cunha ocasión de ouro para darlle validez e estudar a emenda que presentaba o grupo Libera sobre o orzamento de Culleredo para todas estas cousas pero nese momento votaron a favor do orzamento e de todo o que fixo falta para rexeitar as emendas presentadas ao mesmo, polo que anuncia a súa abstención neste punto.

Intervén deseguido o Sr. alcalde-presidente dicindo que se ben é certo que houbo unha moción do BNG, tamén é certo que o pasado 11 de xaneiro aprobouse a Lei de benestar animal de Galicia polo que non se podía facer unha ordenanza neste sentido sen que se tivera aprobado a propia lei, xa que todos os servizos técnicos municipais aconsellaron esperar que se aprobara a lei autonómica para poder facer a ordenanza acorde coa propia lei; que neste momento os servizos municipais de Medio Ambiente están en disposición de adaptar a ordenanza existente á lei aprobada sendo este o motivo de que non se tivera modificado ata agora; que con respecto ao solicitado pola Sra. Rivadulla Deschamps di que a propia aprobación dunha ordenanza xa leva implícita a exposición pública polo que non resulta necesaria a emenda aínda que non habería problema en aceptala se o concelleiro propoñente da moción, Sr. Vázquez Lozano, non tivera inconveniente.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que, con respecto a que esta moción é reiteración doutra xa presentada polo BNG, recorda que non é o único caso en que isto pasa, que se reiteran mocions que varían unicamente no tempo; que neste caso se fixo coa intención de estendelo moito máis, dicindo que o concelleiro do BNG mestura "churras con merinas" falando de supostos pactos cando el non asinou pacto ningún.



Código do documento	Código do expediente
USG12100DT	USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
2E4M 5W08 1012 6R6C 18J0	

Deseguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que lle quere contestar ao Sr. Vázquez Lozano e dicirle que a moción presentada xa foi proposta polo goberno municipal nos anos 2014 e 2017 e reiterada polo BNG, e preguntalle ao Sr. alcalde dado que se aprobou a lei autonómica de benestar animal no mes de xaneiro, se nestes catro meses se ten dado algún paso para aprobar a dita ordenanza.

A continuación intervéñ o Sr. alcalde-presidente e di que a responsable técnica de Medio Ambiente xa está abordando a adaptación da ordenanza á Lei de benestar animal da Xunta de Galicia e lle pregunta ao Sr. Vázquez Lozano se acepta a emenda proposta pola concelleira non adscrita, Sra. Rivadulla Deschamps.

Seguidamente intervéñ o Sr. Vázquez Lozano dicindo que si acepta a emenda.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción de Ciudadanos, coa emenda presentada pola concelleira non adscrita, Sra. Rivadulla Deschamps, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 16 (dezaséis) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Santos Iglesias, Taibo Gago, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Vázquez Lozano e Rivadulla Deschamps.

439	03/04/2018	Concesión a J.C.B. unha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1065€.	
440	03/04/2018	Concesión a A.G.G. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1000€ e axuda económica en concepto de recibo de auga por un importe de 62,37€ correspondente ao 4º trimestre de 2017.	
441	03/04/2018	Delegación na concelleira D. María Guadalupe Pombo Carril do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre L.C.I. e J.C.C. o día 07-04-2018 ás 13.30 horas.	
442	03/04/2018	Asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego A. Taibo Monelos, o día 03-04-2018 desde as 13.00 ata as 15.00 horas.	
443	03/04/2018	Corrección do erro detectado na resolución Núm. 2075 do 04-12-2017.	
444	03/04/2018	Concesión dunha bonificación, por familia numerosa, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a A.L.C., no domicilio sito na rúa Conservatorio, con efectos de 01/04/2018.	
445	03/04/2018	Concesión a M.L.C.D. e M.D.R. da licenza de segregación que solicitaron para a parcela situada na rúa Laxe (referencia catastral 8864802NH4986S0001XB).	
446	03/04/2018	Aceptación da cesión que fai J.M.M.T. a favor do Concello de Culleredo dunha superficie de 56 m2 para o seu destino a viario público.	



Código do documento USG12I00DT	Código do expediente USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE) 2E4M 5W08 1012 6R6C 18J0	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-04-2018
447	03/04/2018	Concesión a M.D.R.P. e J.C.B.B. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Comedo, parroquia de Sésamo.	
448	04/04/2018	Nomeamento D.N.O., traballadora social, funcionaria interina, por exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses.	
449	04/04/2018	Aprobación das indemnizacións por razóns de servizo de empregados municipais realizados no ano 2017 e 2018 (A.C.B. e máis).	
450	04/04/2018	Aprobación das indemnizacións por razóns de servizo de empregados municipais realizados no ano 2017 e 2018 (P.B.S. e máis).	
451	04/04/2018	Aprobación das indemnizacións por razóns de servizo de empregados municipais realizados no ano 2017 (A.B.F. e máis).	
452	04/04/2018	Aprobación das indemnizacións por razóns de servizo de empregados municipais realizados no ano 2017 (M.J.C.R. e máis).	
453	04/04/2018	Nomeamento F.R.L.G. como representante da Xunta de Persoal e Comité de empresa na Comisión de acción social para o estudo das axudas correspondentes ao ano 2017, en representación de CCOO en lugar de C.F.R.	
454	04/04/2018	Rexistro do animal potencialmente perigoso de nome Tayson, especie canina, núm. Microchip 941000012165529, propietario P.B.R., núm. de licenza para posesión de animais potencialmente perigosos: 113, data de expedición 15-03-2018.	
455	05/04/2018	Nomeamento V.M.M.P., funcionaria Concello de Culleredo adscrita Servizo Persoal e Organización, como responsable Unidade Selección Operacións (USO) do DUSI operación "Asistencia técnica para la gestión y comunicación de la estrategia DUSI Culleredovivo".	
456	05/04/2018	Concesión autorización para a celebración da festa popular ao aire libre no lugar de CELAS DE PEIRO os días 7 e 8 de abril de 2018, concesión autorización espectáculo pirotécnico público días 6, 7 e 8 de abril de 2018 e autorización ocupación campo festa.	
457	05/04/2018	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 09-04-2018.	
458	06/04/2018	Declaración do desestímulo de F.A.S. das axudas solicitada para pago de Ábono recibo aluguer.	
459	06/04/2018	Concesión a J.C.S.M. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1065€.	
460	06/04/2018	Corrección do erro detectado no acordo do Pleno Municipal do día 2 de abril de 2018, relativo á modificación do Plan Provincial de Obras e Servizos 2018.	
461	09/04/2018	Corrección do erro detectado na resolución 248 do 21-02-2018.	
462	09/04/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.J.P.B. do recibo de auga por importe de 62,37€ correspondente ao 1º trimestre de 2018.	
463	09/04/2018	Concesión a D.E.V.M. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1050€.	



Código do documento USG12I00DT	Código do expediente USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2E4M 5W08 1012 6R6C 18J0	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-04-2018
464	09/04/2018	Concesión a J.F.M.N. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1065€.	
465	09/04/2018	Aceptación da baixa da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado por A.S.M. e A.G.N.	
466	09/04/2018	Cese de funcionario do posto de traballo.	
467	09/04/2015	Aprobación da operación "Asistencia técnica para la gestión y comunicación de la estrategia DUSI Culleredo Vivo".	
468	09/04/2018	Imposición sanción tráfico, expediente 17488/2017.	
469	09/04/2018	Rexistro do animal potencialmente perigoso de nome Sasha, especie canina, núm. Microchip 941000021949201, propietario N.Y.P., núm. de licenza para posesión de animais potencialmente perigosos: 115, data de expedición 01-03-2018.	
470	09/04/2018	Requirimento S.C.M.F. para que nun mes proceda retirada vehículo C-3528-BN coa advertencia que de non cumprir indicado dítarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación	
471	09/04/2018	Declaración na situación de fora de ordenación ao inmovible coa referencia catastral 1361212NH5916S0006MO situado na avenida Ribados núm. 23-25 da parroquia do Burgo.	
472	09/04/2018	Concesión a M.C.Q e O.B.R. da licenza municipal de obras para a construción dun garaxe e urbanización interior da parcela situada na rúa Río Xares, parroquia de Rutis.	
473	09/04/2018	Arquivo das actuacións de reposición da legalidade urbanística practicadas a E.P.G. pola realización dunhas obras de reforma de baixo cuberta dunha vivenda unifamiliar, situada na rúa Mosteiro de Carracedo, parroquia do Burgo.	
474	10/04/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago do recibo de auga correspondente ao período do 1º (55,46€), 2º (54,61€), 3º (54,61€) trimestre de 2017 e recibo electricidade período entre o mes de xaneiro e o mes de outubro de 2017 (473,04€)	
475	10/04/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.A.M. do recibo de electricidade correspondente ao período entre o 15-02-2018 ao 14-03-2018 por un importe de 16,25€.	
476	10/04/2018	Aceptación do desestimento da solicitude do servizo municipal de Xantar na Casa formulado por M.C.D.	
477	10/04/2018	Requirimento Talleepres SL para que nun mes proceda retirada vehículo LE-00806-R, de non cumprir o indicado dítarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	



Código do documento	Código do expediente
USG12I00DT	USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
2E4M 5W08 1012 6R6C 18J0	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-04-2018
478	10/04/2018	Requirimento P.R.G. para que nun mes proceda retirada vehículo 0961FPK, de non cumprir o indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
479	10/04/2018	Requirimento M.M.M. para que nun mes proceda retirada vehículo C-9838-BJ, de non cumprir o indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
480	10/04/2018	Requirimento J.L.V.G.. para que nun mes proceda retirada vehículo 6884 DLS, de non cumprir o indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
481	10/04/2018	Requirimento M.L.P. para que nun mes proceda retirada vehículo 5823BTH, de non cumprir o indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
482	10/04/2018	Requirimento A.B.S.T. para que nun mes proceda retirada vehículo 6991FLN, de non cumprir o indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
483	10/04/2018	Requirimento J.A.P.S. para que nun mes proceda retirada vehículo C-5314-BZ, de non cumprir o indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
484	10/04/2018	Requirimento S.J.V.F. para que nun mes proceda retirada vehículo 2916FHB, de non cumprir o indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
485	10/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.M.C.S.	
486	10/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.R.M.J.	
487	10/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de A.A.P.M. e dous máis.	
488	10/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.J.B.F..	
489	10/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.L.V.L. e C.R.R.	
490	10/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de F.J.L..e S.L.L.	



Código do documento USG12I00DT	Código do expediente USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE) 2E4M 5W08 1012 6R6C 18J0	

C.I.F. P.-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-04-2018
491	10/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de V.A.G. e dous máis.	
492	10/04/2018	Autorización inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (DECEMBRO 2017).	
493	10/04/2018	Autorización baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (DECEMBRO 2017).	
494	10/04/2018	Autorización inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (XANEIRO 2018).	
495	10/04/2018	Autorización baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (XANEIRO 2018).	
496	10/04/2018	Autorización inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (FEBREIRO 2018).	
497	10/04/2018	Autorización baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (FEBREIRO 2018).	
498	10/04/2018	Aprobación da operación denominada "Transporte público sostenible". (Operacións estratexia DUSI).	
499	10/04/2018	Delegación na concelleira D. ^a Marta Maria Figueroa Fuentes do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre E.G.G. e J.H.G.C. o día 14-04-2018 ás 13.30 horas.	
500	11/04/2018	Aprobación dos xustificantes incluídos na relación J/2018/1 (TERCEIRO: B15700917-IMPORTE TOTAL: 6,00€ e máis).	
501	11/04/2018	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigase ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/16. (TERCEIRO: B15747207 FRIO GALICIA, SL-IMPORTE TOTAL: 428,51€ e máis).	
502	12/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.J.R.B. e M.D.B.D.	
503	12/02/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de A.I.G.T.	
504	12/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.L.N.B. e M.L.G.S.	
505	12/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de S.F.R. e A.B.M.	
506	12/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de F.J.C.L.	
507	12/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de D.D.T.	
508	12/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de F.S.R. e J.D.G.	



Código do documento	Código do expediente
USG12I00DT	USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
2E4M 5W08 1012 6R6C 18J0	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-04-2018
509	12/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.R.P.	
510	12/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de A.P.N.	
511	12/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.D.R.L.	
512	12/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.A.P.G.	
513	12/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de C.S.L.	
514	12/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.F.C.P.V. e máis.	
515	12/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de D.C.L.	
516	12/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de C.C.G.	
517	12/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de F.S.G.	
518	12/04/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de F.S.H. e L.P.D.	
519	12/04/2018	Recoñecemento a L.E.P.T. aos efectos de trienios o tempo de servizos previos prestados no Concello de Carral.	
520	12/04/2018	Concesión a Telefónica de España SAU a licenza municipal de obras para a construción de 25 metros de canalización de 2 condutos de PVC de 110 mm á altura do núm. 15 da Av. Fonteculler. (Expediente: UAU/2016/415).	
521	12/04/2018	Concesión a Telefónica de España SAU a licenza municipal de obras para a apertura dunha zanja de 12 m/l e un ancho medio de 0,45 m para extensión de rede de fibra óptica na Av. Fonteculler 60-70, parroquia de Rutis. (Expediente: UAU/2016/338).	
522	12/04/2018	Levantamento do reparo formulado pola Intervención Xeral, avocación da competencia e aprobación, disposición, recoñecemento das obrigas O/2018/18 (TERCEIRO: B15538135 JARDINCELAS, SL-IMPORTE:2.855,68€ e máis) e ordenación pagamento.	
523	12/04/2018	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 09-04-2018.	
524	13/04/2018	Recoñecemento obriga e ordenación pagamento axudas concedidas asociacións sen ánimo de lucro. Liña actuación núm. 6: PROMOCIÓN DO DEPORTE (Sporting Burgo CF -2.500,00€ e máis)	
525	16/04/2018	Concesión a E.I.F.C.R. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade dunha hora á semana (agás festivos) e do servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria.	



Código do documento	Código do expediente
USG12I00DT	USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E4M 5W08 1012 6R6C 18J0	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-04-2018
526	16/04/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a E.I.R. do recibo de electricidade por importe de 145,64€ correspondente aos meses de xaneiro (78,44€) e febreiro (67,20€) de 2018 e pago recibo auga 70,62€ do 1º trimestre de 2018.	
527	16/04/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a C.E.L. do recibo de auga do 1º (52,36€), 2º (51,64€) e 3º (55,22€) trimestre de 2017 e do recibo de electricidade correspondente as facturas de xaneiro a outubro de 2017 (184,87€).	
528	16/04/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a A.C.S.M. do recibo de auga do 1º trimestre (59,51€), 2º trimestre (60,22€) e 3º trimestre (61,65€) de 2017.	
529	16/04/2018	Concesión a A.R.M. dunha axuda económica en concepto de recibo de auga do 4º trimestre de 2017 ao 3º trimestre de 2018, e pago recibos electricidade de novembro de 2017 a outubro de 2018.	
530	16/04/2018	Concesión a M.L.S. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1065€.	
531	16/04/2018	Concesión dunha bonificación, por familia numerosa, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a V.Z.F., no domicilio sito no lugar de Peiro de Arriba, con efectos de 01/07/2018.	
532	16/04/2018	Concesión dunha bonificación, por familia numerosa, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 60 m3 a N.S., no domicilio sito na R/ Alcalde Domingo Sierra, con efectos de 01/07/2018.	
533	16/04/2018	Denegación da devolución da cantidade de 25€ ingresada en concepto de Prezo público por Informática perfeccionamento a F.V.G.	
534	16/04/2018	Levantamento do reparo formulado pola Intervención Xeral, avocación da competencia e aprobación, disposición, recoñecemento das obrigas O/2018/20 (TERCEIRO: A78139755 GESTIÓN Y TÉCNICAS DEL AGUA, SA-IMPORTE: 148,83€ e máis) e ordenación pagamento.	
535	16/04/2018	Levantamento do reparo formulado pola Intervención Xeral, avocación da competencia e aprobación, disposición, recoñecemento da obriga 220180004776 (TERCEIRO: B15329022 ALQUILERES GALICIA SL-IMPORTE: 109,99€) e ordenación pagamento.	
536	16/04/2018	Levantamento do reparo formulado pola Intervención Xeral, avocación da competencia e aprobación, disposición, recoñecemento das obrigas O/2018/17 (TERCEIRO: B15025661 INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS SL IMPORTE:1.773,24€ e máis) e ordenación pagamento.	
537	16/04/2018	Corrección do erro detectado na certificación núm. 2 e última do 31-05-2017 da obra denominada "Alumbrado público en R/. Río Mandeo y R/. Montespiño, A Zapateira".	



Código do documento	Código do expediente
USG12I00DT	USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
2E4M 5W08 1012 6R6C 18J0	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-04-2018
538	16/04/2018	Asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego Antonio Taibo Monelos, desde o día 16 de abril de 2018 ás 13.00 horas ata o día 20 de abril de 2018 ás 00.00 horas.	
539	17/04/2018	Denegación da devolución da cantidade de 22,5€ ingresada en concepto de Prezo público por Informática perfeccionamento a M.R.B.	
540	17/04/2018	Denegación da devolución da cantidade de 25€ ingresada en concepto de Prezo público por Guitarra iniciación a M.L.T.R.	
541	17/04/2018	Aprobación da devolución da cantidade de 18€ ingresada en concepto de Prezo público por Campamentos de primavera a Y.J.C.	
542	17/04/2018	Aceptación da cesión que fai S.V.M. e D.M. a favor do Concello de Culleredo dunha superficie de 27,30m2 para o seu destino a viario público.	
543	17/04/2018	Aceptación da cesión que fai S.S.P. e M.B.P.B.. a favor do Concello de Culleredo dunha superficie de 64 m2 para o seu destino a viario público.	
544	17/04/2018	Ampliación da xornada de M.T.C.F., funcionaria interina, á xornada completa ata a incorporación de V.A.A.	
545	17/04/2018	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigase ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/21. (TERCEIRO: B15218977 SETECMA CORUÑA SL-IMPORTE TOTAL: 306,61€ e máis).	

10.- MOCIÓN URXENTES.

A Presidencia somete á consideración do Pleno municipal, por razóns de urxencia, unha declaración institucional e lle dá o uso da palabra ao voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, facendo uso da palabra concedida, di que se trata de facer un manifesto sobre a sentenza que hoxe se coñeceu sobre un caso de agresión sexual e que está a xerar tanta alarma social.

Pola Presidencia sométese a votación ordinaria a urxencia, sendo aprobada por unanimidade. A continuación o Sr. Taibo Monelos procede á lectura do texto:

“ARGUMENTARIO SOBRE O FALLO CONTRA A MANADA

Compartimos e formamos parte da indignación que sente a maioría de mulleres e homes deste país cunha Xustiza que, neste caso, non nos parece xusta.

Este fallo desmonta o inmenso traballo xurídico e político de ter conceptualizado a violencia de xénero como unha parte importantísima da protección das mulleres na democracia. O fallo di que aquí non a houbo.

Parécenos unha consideración xurídica dos feitos contraditoria. Se ela dixo que non e houbo abuso, é moi difícil que ese abuso se produza sen ningún tipo de violencia. Parécenos que o relato é incompatible entre o que se tipifica e o fallo, entre outras razóns porque a situación real era a dunha muller contra 5 homes.

A posición do ministerio fiscal, que defende no proceso os dereitos de todos e todas, ía nunha dirección distinta a este fallo e parecíanos máis adecuada.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00DT	USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
2E4M 5W08 1012 6R6C 18J0	

Este fallo colócanos nunha revisión lexislativa importante, no ámbito da aplicación da tutela xudicial efectiva para a muller, dereito fundamental das españolas, para que sexa real.

O PSOE ten rexistrada no Congreso unha proposición de modificación da Lei orgánica do Poder Xudicial, que vai encamiñada á formación do poder xudicial para facer unha interpretación máis correcta e protectora das leis contra o machismo.

Necesitamos que as leis sexan interpretadas con arranxo á realidade, a unha realidade culturalmente machista e discriminatoria contra os dereitos das mulleres”.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que desde o BNG foi desde onde se propuxo a todos que se lera un texto sobre este tema polo que solicita a omisión á referencia de que o grupo socialista ten presentado no Congreso unha proposta de modificación da Lei.

Deseguido interveñen o Sr. alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e o voceiro do grupo socialista, Sr. Taibo Monelos, que coinciden en retirar do texto a referencia a calquera grupo ou partido político, recoñecendo que foi o Sr. Chouciño o que propuxo a presentación dun texto en referencia a este tema.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación a declaración institucional presentada, coa modificación acordada, sendo aprobada por unanimidade polo que devén en acordo nos seguintes termos:

“ARGUMENTARIO SOBRE O FALLO CONTRA A MANADA

Compartimos e formamos parte da indignación que sente a maioría de mulleres e homes deste país cunha Xustiza que, neste caso, non nos parece xusta.

Este fallo desmonta o inmenso traballo xurídico e político de ter conceptualizado a violencia de xénero como unha parte importantísima da protección das mulleres na democracia. O fallo di que aquí non a houbo.

Parécenos unha consideración xurídica dos feitos contradictoria. Se ela dixo que non e houbo abuso, é moi difícil que ese abuso se produza sen ningún tipo de violencia. Parécenos que o relato é incompatible entre o que se tipifica e o fallo, entre outras razóns porque a situación real era a dunha muller contra 5 homes.

A posición do ministerio fiscal, que defende no proceso os dereitos de todos e todas, ía nunha dirección distinta a este fallo e parecíanos máis adecuada.

Este fallo colócanos nunha revisión lexislativa importante, no ámbito da aplicación da tutela xudicial efectiva para a muller, dereito fundamental das españolas, para que sexa real.

É necesario dar formación ao poder xudicial para facer unha interpretación máis correcta e protectora das leis contra o machismo.

Necesitamos que as leis sexan interpretadas con arranxo á realidade, a unha realidade culturalmente machista e discriminatoria contra os dereitos das mulleres”.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen que facer algún rogo ou pregunta, solicitando o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que ten varias cuestións

37 de 41



Código do documento	Código do expediente
USG12I00DT	USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
2E4M 5W08 1012 6R6C 18J0	

para tratar neste punto, sendo a primeira delas relativa ao inventario municipal pois fai varios meses aprobouse neste órgano, por unanimidade, unha proposta sobre actualización do inventario municipal, algo do que se leva falado xa reiteradamente e el, para facer a labor de fiscalización do traballo do goberno que lle corresponde á oposición, baixou fai pouco a táboa que hai na páxina web municipal e botou de menos cousas que chaman moito a atención, moitísimas cousas, e que lle sorprende porque a última vez que se fixeron incorporacións ao inventario municipal comentou o Sr. Taibo que xa estaba ao 95%, e que o lembra porque lle chamou a atención que na penúltima incorporación falaran de que estaba actualizado ao 99%, e que as carencias que agora botan en falta van moito máis alá dun simple axuste do 1 ou do 5%, solicitando se lles diga algo sobre o que pasa coa actualización do inventario municipal e por que hai estas omisións tan flagrantes.

A continuación intervén o Sr. alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e di que con respecto a este tema van pedir un informe para poder contestarlle no seguinte pleno.

Continúa coa súa intervención o Sr. Chouciño Garrido dicindo que outra cuestión que trae a esta sesión é relativa a unha carta que recibiron esta semana da Valedora do Pobo, que é a segunda e que a vai ler na sesión, procedendo á súa lectura, sendo do seguinte tenor literal:

"Estimado Sr. Chouciño: O Concello de Culleredo aínda non nos remitiu a información requirida en relación coa súa queixa a pesar de que a demandamos en dúas ocasións para urxir o envío do informe. Ante iso pola nosa banda coa data de hoxe lembrámoslle de novo ao citado Concello o seu deber de colaborar ao rápido esclarecemento da situación que nos expón a queixa (artigo 26.1 da Lei do Valedor do Pobo). No caso de persistir esta actitude procederemos a realizar unha advertencia sobre as súas consecuencias legais. Tan pronto como recibamos o correspondente informe poñerémonos de novo en contacto con vostede..."

Continúa dirixíndose ao Sr. alcalde e lle di que é a segunda carta que recibe da Valedora do Pobo dicindo que o goberno non cumpre coa obriga legal de remitirlle a información relativa á queixa que se presentou desde o BNG que, entre outras cousas, concluía pedindo e reiterando que se dea coñecemento aos grupos da oposición dos convenios urbanísticos que seguramente estarán condicionando o desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal; que llo está a requerir a Valedora do Pobo, por segunda vez cun espazo de dous meses por medio, preguntando se vai recurrir ao argumento tan típico de que teñen moito traballo pero que se está a falar de obrigas legais que está recordando a Valedora do Pobo, solicitándolle que se atenda ao seu requerimento e ao requerimento do BNG.

A continuación intervén o Sr. alcalde-presidente dicindo que o requerimento está atendido e que proximamente lle chegará á Valedora do Pobo se non o ten xa.

Segue coa súa intervención o Sr. Chouciño Garrido dicindo que unha terceira cuestión que trae xa por terceira ou cuarta vez é solicitar información sobre o que pasa coa concesión da instalación deportiva da Garrocha, por que non se lle está cobrando o canon, canto debe e canto deixaron de cobrarlle nos últimos anos, e canto puido prescribir, se fora o caso; que se trata dun canon, non dun tributo, e prescribe aos catro anos; que cos meses que van xa debeu vencer algún semestre máis.

Continúa a súa intervención dicindo que outra cuestión é relativa á obra do río Trabe que se está dicindo na prensa que xa está acabada e que lle parece un "fuxir cara adiante" xa que se trata dunha escollera da que hai no expediente informes técnicos que coinciden co que o BNG di sobre que a construción non se axusta ao proxecto e o equipo de goberno en lugar de paralo e facer o que solicita o BNG pedíndolle á empresa que desmonte e faga ben a obra fuxen cara adiante meténdolle máis cartos; que con respecto a estes dous temas non saben se teñen algo que ver e por iso pediron que se incluíra un parágrafo na acta que non se incluíra o mes pasado que dicía que o Sr.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00DT	USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
2E4M 5W08 1012 6R6C 18J0	

alcalde confiaba plenamente nos servizos técnicos. pedindo por último que ademáis destas cuestións se explique cales foron os motivos que deron lugar ao cese **LOPD** pois non sabe a razón pero a máxima autoridade sobre todos os servizos é o alcalde e non vaia ser que se estea a facer un "cortalumes" con este tema.

Responde o Sr. alcalde dicindo que respecto do tema da Garrocha está en mans dos servizos xurídicos municipais para emitir o seu informe, ao que terán acceso os membros da oposición cando estea elaborado, e con respecto á obra do río Trabe di que non se puido rematar porque estaba pendente dun tratamento de slurry, non sendo posible facelo polas condicións metereolóxicas e que se trata dunha obra ao seu entender ben feita, que conta co beneplácito dos veciños e veciñas que gañaron un espacio importante nesa zona pero dadas as discrepancias manifestadas se elaborarán os informes pertinentes para dilucidar o manifestado polo Sr. Chouciño Garrido respecto desa obra.

Continúa a súa intervención dicindo que se ratifica no xa dito sobre que confía plenamente nos servizos municipais pero iso non obvia a súa capacidade de reorganización dos diferentes departamentos e se iso conleva cesar a un xefe de servizo para que volte ao seu posto orixinal ou darlle outra competencia consensuada co mesmo entra dentro das competencias propias do alcalde para a organización do Concello.

A continuación intervén o Sr. Chouciño Garrido e solicita que se lle informe dos motivos de dito cese, respondendo o Sr. alcalde-presidente que pode pedir unha copia do cese onde aparecen os motivos.

C.I.F. P-1503100-H

Intervén novamente o Sr. Chouciño Garrido solicitando a dita copia e di que no que respecta ao tema do río Trabe non poden dicir que estaba pendente dun tratamento de slurry que non se podía dar porque o problema fundamental desa obra é a pendente que leva a escollera tal como manifestaron os técnicos municipais, que se trata dunha obra feita sobre outra anterior, no 2008, da que inexplicablemente non se esixiu garantía, gastándose agora 140.000 euros de todos os veciños nunha obra da que tiña que responder o construtor anterior e facéndose unha vez máis igual de mal ou peor de forma que vai volver pasar o mesmo; que a obra anterior abriu, cunha fenda todo o longo da mesma, e na actual vai pasar o mesmo, insistindo o goberno en manter esas condicións, non sendo o único que pensa así e pensando que non deberían pagar a obra porque non se axusta.

Responde o Sr. alcalde dicindo que se trata dunha obra que o goberno tiña vontade de facer e sobre o criterio técnico eles non poden intervir.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que solicita explicación sobre a dación de conta de levantamento de reparos porque non lles foi posible ver as facturas e que espera e supón que non pero a raíz do que ven de dicir o concelleiro do BNG non quixera pensar que non asinara o documento o cesado que tiña que asinar, que considera que poder ver as facturas non vai contra a transparencia e que se fala de máis de medio millón de euros, que non é ningunha broma, polo que se debería profundizar un pouquiño máis e non pasar por encima cun simple dar conta porque cando hai reparos é porque non se cumpre e lle parecen moitos euros para non cumprir; que por outra parte ven cousas que non teñen moi claro como o tema de bochinchas e sillas para as festas, que parecen moi claras e aparecen especificados os gastos festa por festa, ascendendo a 400 ou 500 euros aproximadamente, pero logo ven facturas por importes que triplican ou cuadruplican esa cantidade para sillas e bochinchas varios o que dá que pensar ao igual que outras moitas partidas das que os propios funcionarios din ou que non existe a propiedade e son cousas que ten que facer a privada e as fai o Concello.

Responde o Sr. alcalde-presidente dicindo que se remite aos informes técnicos, os reparos están aí e polo tanto hai que optar ou por levar as facturas pola vía xudicial ou levantar os reparos e que cobren as persoas ás que se lles encargaron os traballos; que o groso ven xa doutros reparos que houbo xa noutras lexislaturas, concernintes a conserxerías dos centros municipais: campos de fútbol, centros sociais, etc., así como tamén o propio servizo de

39 de 41



Código do documento	Código do expediente
USG12100DT	USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
2E4M 5W08 1012 6R6C 18J0	

limpeza, estando previsto traer a pleno en breve a contratación de ambos os dous temas, sendo outras cuestións que non se poden paralizar por sêr temas de participación cidadá e que o novo trámite de facturación, telemático, fai que os conceptos aparezan pouco desglosados pero que cando se ve o informe vese claramente o concepto da factura; que non hai ningún inconveniente en facilitar as facturas todas que desexe ver e se lle facilitarán pero non é obrigado levalas ao Pleno, polo que pode polo procedemento regulamentario solicitar as que desexe ver e se lle aportarán para que poida extraer as súas conclusións.

Intervén novamente a Sra. Ferreiro Varela e di que unha segunda pregunta é referida á mención de honor anunciada fai aproximadamente dous meses a un oficial de policía pola súa labor; di que se suman a esta proposta porque lles pareceu un acto maravilloso pero que non souperon nada máis.

Responde o Sr. alcalde-presidente dicindo que se trata dunha mención honorífica e que o procedemento é que se fai unha resolución para que conste no expediente do axente ante unha posible concurrencia, ascenso, etc; que trataron de facer un acto protocolario no Concello para homenaxear publicamente ao axente e neste momento están intentando conformar datas para que poidan participar as distintas policía e institucións que colaboraron no esclarecemento dos feitos e que cre recordar que acordaron que sería o 17 ou o 24 de maio a data na que se faría ese acto protocolario para facer pública esa mención ao que se invitará a toda a Corporación.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que ten un rogo e dúas preguntas, sendo o primeiro unha proposición para loitar contra a fenda salarial de homes e mulleres nas empresas contratadas polo Concello, rogándolle ao goberno municipal que se inclúa nas contratacións públicas que realice o Concello como criterio de adxudicación das ofertas nos futuros pregos de contratación e como condición especial de execución do contrato a inexistencia de fenda salarial dos adxudicatarios conforme a fórmula de cálculo fixada polo Eurostat, así como o documento de contratación feminina con medidas de conciliación da vida labora, persoal e familiar.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa a súa intervención dicindo que ten dúas preguntas, unha relativa tamén aos reparos porque son medio millón de euros e di que hai algunhas facturas que si lles gustaría ver; que con respecto ao tema de limpeza viaria, chámalle a atención a limpeza na urbanización Os Olivos pois faláron cos veciños da urbanización e lles dixeron que a limpeza que se está a facer por parte da empresa é nunha zona moi pequena polo que lle parece moi alta a factura coa cuantía de 2.800 euros.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que a urbanización Os Olivos e algunha outra urbanización que non estaban incluídas no contrato e que agora xa aparecen no novo prego refírese á limpeza que se fai diariamente .

Continúa o Sr. Vázquez Lozano dicindo que lle comentaron os veciños de Vilaboa que se colocou nunha fachada dun inmovible un letreiro que especifica "Por un entorno máis agradable" nunha finca que verdadeiramente parece que hai que desbrozar, non sabendo se foi posto adrede ou foi para que ese veciño tome conciencia.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que sempre que se trate da vía pública hai un proxecto piloto ao igual que se está facendo noutras cidades para que nos lugares onde hai vivendas en ruínas, etc., buscar motivos municipais para tratar de enlucir esas fachadas que deterioran o entorno e porque é moi difícil desde Urbanismo pechar eses expedientes para proceder á demolición porque na maioría dos casos se recurren, etc., polo que se trata de humanizar esas zonas e ver se funciona e lle gusta aos cidadáns para continuar noutras zonas e se non quedará como unha experiencia para ver como funcionaba a idea.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo Mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que lle consta que hai un veciño que quere facer unha pregunta ao Pleno e tal como recolle o ROM e o Regulamento de Participación Cidadá e roga ao Sr. alcalde que llo permita.



Código do documento	Código do expediente
USG12100DT	USG/2018/57
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
2E4M 5W08 1012 6R6C 18J0	

Responde o Sr. alcalde dicindo que nin o ROM nin o Regulamento de Participación Cidadá o contempla, que o consultaron na Secretaría municipal e polo tanto aínda que el non tería ningún inconveniente podería supor un agravio e polo tanto se non cumpre os requisitos para intervir no Pleno non o pode facer.

Solicita de novo o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido e, unha vez concedido, di que ten á vista o artigo 40 do Regulamento de Participación Cidadá que di: "2. Acabada a sesión do Pleno, o alcalde ou alcaldesa pode establecer unha quenda de rogos e preguntas co público asistente sobre temas concretos de interese municipal. Corresponde ao alcalde ou alcaldesa ordenar e pechar esta quenda.

Para o desenvolvemento da quenda de referencia terase en conta as seguintes normas:

a) A petición de participar na quenda en cuestión deberá formularse por escrito coa antelación necesaria (.../...); que vai omitir todo o demáis pero que evidentemente este veciño cumpriu cos formalismos de pedir esta participación e que se non lle da a palabra estará facendo o exercicio de denegarllo e que o Sr. alcalde que abriu unha nova etapa de transparencia saberá o que fai.

Responde o Sr. alcalde dicindo que no Pleno como tal non pode participar e que non se deben torcer os feitos; que o que dixo foi que non é o procedemento e que non sabe se o dito veciño está na sesión e se quere participar; que se lle chamou desde Alcaldía para darlle unha cita porque os temas que presenta son temas pendentes de resolución.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

C.I.F. P-1503100-H

Vº e praxe,
O Alcalde
(asinado dixitalmente)

PILAR MARÍA PASTOR NOVO
Secretaria Xeral
24/05/2018 15:03

JOSE RAMON RIOBOO
CASTRO
Alcalde-Presidente
24/05/2018 18:23

